

RUTAS A REALIZAR – SERRA DA FREITA

Dúas das tres rutas transcorrerán na serra da Freita e a outra lindará coas serras de Montemuro e San Macario. Son serras que, malia a súa escasa altura, xa que superan por pouco os 1.300 m de altitude, conforman zonas moi apartadas e escasamente poboadas, nas que os ríos escavan profundas fendas entre altas paredes graníticas producindo sensacións de illamento e beleza natural. A área na que nos moveremos está catalogada en Portugal coa figura de protección de “geoparque” por mor das singularidades xeolóxicas que posúe e as súas características xeográficas únicas.

Ruta 1.- Á aldea máxica de Drave

Comezará a andaina no vedraño casarello de Candal, encamiñándonos ao desfiladeiro do rego da Ribeira que percorrерemos a media altura ata a chusca aldea de Covelo de Paivó, onde desemboca no río Paivó. Logo seguiremos un camiño que, flanqueando o val, pasa polos restos dunha antiga aldea, tendo espléndidas vistas sobre unhas belidas quedas do río e sobre uns altos valados que semellan ser naturais. Despois, polo cavorco do rego de Regoufe, chegaremos á aldea do mesmo nome, dominada por un circo pétreo. So queda abeirar un teso da montaña, para chegar a ver a xoia da coroa: a aldea máxica de Drave.

As primeiras vistas de Drave son moi fermosas. Aparece como unha aldea totalmente illada nunha xuntanza de cavorcos, disposta de xeito empoleirado e con dous barrios diferenciados cada un nun dous tesos da montaña que están afastados pola ribeira de Palhais que baixa con rápidos e fervenzas. Pouco máis que unhas poucas casas e a capela semellan manterse en pe, salvándose da ruína do seu abandono de décadas. Dúas das casas foron refeitas, máis so usando medios artesanais, por *escuteiros* portugueses da pola non laica, que alí teñen un lugar de *convivio*. A terminación das casas fainos retroceder aos anos 30 do pasado século. Se cadra, un mozo *escuteiro* que vive alí todo o ano sen luz nin comodidades, poderá ensinarnos por dentro os casarelos nos que é curioso ver o cuarto que destinan a lugar de recollemento polo seu aspecto cavernícola á par que pola súa sinxela beleza. Unha capela cunha placa que convén ler, en lembranza dos Martins que alí naceron, e un percorrido polas antigas rúas son cousas que paga a pena facer.

So fican os derradeiros 400 m. de desnivel para acadar o alto da serra, no que nos agardará o bus.

Ruta 2.- Polas pedras boroas e as parideiras ás escarpas da Mizarela

Esta camiñada ten dúas partes ben diferenciadas, na primeira percorrерemos a parte alta da serra onde a paisaxe é agreste e os cantís e penedos desgastados pola erosión conforman extraordinarias formas xeolóxicas e, na segunda baixaremos aos profundos cavorcos que debuxa o río Caima e o seu afluente o Castanheira.

Na primeira parte iremos ao encontro das pedras boroas, chamadas así por semellar a cortiza do pan de broa para logo dun percorrido con grandes paisaxes, atopar as pedras parideiras, unha singularidade xeolóxica na que pedras abrancazadas acubillan no seu interior a outras negras, pequenas e redondeadas. Semellan ser ovos negros –

nódulos de biotíta- que saen da casca. Na aldea de Castanheira percorrерemos o museo ao ar coa aula de interpretación destas pedras que aparecen en so dous lugares no mundo. As antas tamén aparecen no planalto, algunhas escavadas, sendo estas ben diferentes das que estamos a ver no noroeste. Poderase subir, opcionalmente a un dos picoutos que enchen o horizonte, o pedregoso Videeiro. Asemade pasaremos por unha aldea ben feita, Albergaría da Serra do que visitaremos o seu cemiterio con restos do antigo albergue de camiñantes.

A segunda parte xirará ao redor do espectaculars cavorcos que forma o río Caima. Alí no máis profundo da fouce atópase a fervenza máis alta de Portugal, a da Mizarela. Primeiro baixaremos por terreo escarpado ata case o mesmo cadoiro da fervenza de Ribeira que fai o río de Castanheira nun lugar que abraia pola súa forte rudeza. A un paso está o cadoiro da Mizarela. Pódese chegar a eles por un carreiro costento e serpeante que agatuña polas abas do cavorco. So queda a subida para volver a recuperar os 300m de descida. Outras dúas aldeas adornan esta parte do percorrido, a de Ribeira, medio acubillada tras un ríspeto teso da montaña e a da Mizarela que da nome á queda de auga. A parte menos doada da camiñada, a que baixa preto do cadoiro, será opcional.

3.- O camiño do carteiro e as minas de ouro negro.

A ruta sae da aldea de Tebilhao que se atopa nun magnífico exemplo de val en berce a rentes dos altos da serra. Ollaremos a capela e as súas ruelas e recantos sen presas para deternos albiscando a magnífica paisaxe de socalcos que esculpen as abas entre esta aldea e a de Cabreiros a que chegaremos deseguido. O casarío esténdese ao logo da rúa principal con elementos iconográficos, palleiros e *moinhos*. Aquí comeza a longa descida por un valiño apertado a Río de Frades, con grandes vistas, ao val de Paivó aos nosos pes e á *cumeada* de Montemuro ao fronte. Abandonamos o río de Frades abeirando a montaña, cortando os regos que baixan dela, como o da Covela, cunha fermosísima queda de auga que nos invitará ao baño e o de Pena Amarela, despois do que comezaremos a albiscar os furados feitos na serra, ou minas feitas a maior parte delas polos *pilhas*, mineiros de fortuna que buscaban o ouro negro, como era chamado o wolfram, nos anos corenta. Aínda queda ollar unha estraña “rocha en casca de cebola”, apoiada nunha casa, para chegar aos casaríos de Pedrogao e Fuste. Aínda queda subir a un lombo da serra para logo, na baixada, rematar no casarello de Espiñeiro, nun café con espléndidas vistas sobre o val de Arouca, para despedirnos do lugar que nos vai a acoller nesta ponte.

Mapas das rutas:

Pódense descargar pinchando no epígrafe do tríptico